



Ricardo Fernández, do País Vasco, vence no IV Memorial Manuel Cea de Percorridos de Caza

Os pasados 11 e 12 de Agosto de 2007 tiña lugar no Campo de Tiro 'Rio Sar' en Chaián, Trazo (A Coruña) o IV Memorial Manuel Cea de Percorridos de Caza, puntuable para a Copa Federación da modalidade.

Na proba, disputada a 150 pratos, participaron un total de 55 tiradores de diversas partes de España, resultando vencedor da proba o tirador vasco Ricardo Fernández cun total de 124 pratos escachados. Segundo clasificado foi Antonio Iglesias Otero con 121 pratos, mentres que Juan Carlos Costas Pereira, con 118 pratos escachados, remataba na terceira posición tras un desempate con Diego Antelo Noya. Na categoría de veteranos venceu José Costas Iglesias, con 87 pratos escachados; en categoría xuvenil venceu foi Roberto Míguez Cea escachando 42 pratos; e finalmente en superveteranos venceu José Cea Seoane, quen escachou 36 pratos.



Así pois, a clasificación final absoluta quedou como segue:

Xeral Absoluta

Pos.	Tirador	Pratos escachados
1º	Ricardo Fernández	124
2º	Antonio Iglesias Otero	121
3º	Juan Carlos Costas Pereira	118 (21)
4º	Diego Antelo Noya	118 (19)
5º	Fernando Sánchez Mancebo	117
6º	José Luis Sánchez Mancebo	117
7º	Federico V. Pérez López	110
8º	Jesús Seoane	105
9º	Elisardo Cea Cebreiro	105
10º	Angel Ramón Vidal Quintela	105

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com